

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 14

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 3 de SETEMBRO de 2007, **correspondente ó ordinario do mes de agosto**, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

1.- Acta anterior. (Sesión ext. 17.07.07)

ALCALDÍA

2.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 31.07.07, nomeando representantes do Concello na Asemblea da Mancomunidade de Municipios da Área de Vigo.

3.- Dar conta de resolución da Alcaldía nomeando ós representantes veciñais nos Consellos Reitores dos organismos autónomos municipais.

4.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 26.06.06 relativa ó cambio nas retribucións dun concelleiro.

5.- Dar conta de acordo da Xunta de Goberno Local de composición da Mesa de Contratación.

6.- Proposta da Alcaldía de modificación de acordo plenario de data 17.07.07 relativo ás dedicacións exclusivas ou parciais dos concelleiros.

XESTIÓN MUNICIPAL

7.- Autorización para o incremento do límite máximo da partida orzamentaria 121.0.151.0000 "gratificacións". Expte. 17493/320.

MOCIÓNS

8.- Moción do Grupo municipal do PP instando reiterar a conformidade e apoio ó texto referente ó anteproxecto de Lei de Área Metropolitana de Vigo, consensuado na xuntanza de alcaldes que tivo lugar en marzo de 2006.

9.- Moción do Grupo municipal do PP solicitando instar á Consellería da Presidencia e ó Ministerio de Xustiza a creación dunha oficina do Rexistro do Mercantil en Vigo antes do 31 de decembro.

10.- Moción do Grupo municipal do PP solicitando instar á Subdelegación do Goberno en Pontevedra a mellora dos medios para a tramitación do documento de identidade electrónico.

- 11.- Moción do grupo municipal do PP solicitando se inste á Xunta de Galicia obras en campos de fútbol de herba sintética e sinatura de novo convenio de obras no Plan de infraestruturas deportivas.
- 12.- Moción do Grupo municipal do PP instando a tomar medidas en relación coa contaminación medioambiental.
- 13.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ordinaria correspondente ó mes de agosto, no salón de Plenos ás nove horas do día TRES DE SETEMBRO para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

KV.

Vigo, 30 de agosto de 2007

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

Dolores Espiño Collazo.